

## **MODELO ORGANIZACIÓN DOCENTE DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE NA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA**

Por mor da pandemia COVID-19 estanse a realizar algunhas modificacións no modelo docente das titulacións que se imparten na Facultade de Socioloxía. A Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade que recolle o acordo de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como o documento sobre “Orientacións para a programación da actividade docente” aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 30/06/20 e o “Plan de Prevención e Hixiene fronte á COVID-19” aprobado pola Xunta da Facultade de Socioloxía o 30 de xullo de 2020, constitúen os documentos básicos sobre os que se enmarcan as decisións que se detallan a continuación. Estes criterios foron aprobados por unanimidade na Xunta da Facultade de Socioloxía o día 14 de setembro de 2020:

- 1.- En primeiro curso do Grao de Socioloxía, as clases de grupos pequenos e medianos impartiranse de maneira presencial excepto para os alumnos de segundas e posteriores matrículas. Nestes casos, o alumnado deberá seguir a formación telemática.
- 2.- En segundo e terceiro curso do Grao de Socioloxía, as clases de grupos medianos pasarán a ser impartidas de maneira telemática pola conveniencia de reducir o acceso de persoal ao Centro. Estas clases impartiranse no horario oficial preferentemente de maneira síncrona ben a través da ferramenta Teams ou ben a través dos outros medios institucionais contemplados para tal efecto (como PowerPoint con narración, gravacións de voz, material dixital a disposición do alumnado no Campus Virtual...). As clases de grupos pequenos impartiranse de maneira presencial para todo o alumnado matriculado.
- 3.- En cuarto curso do Grao en Socioloxía, as clases serán presenciais para todo o alumnado matriculado. Para poder garantir o uso de espazos coa capacidade necesaria tivéronse que realizar pequenos cambios no horario aprobado o 30 de xullo: a materia “Metodoloxía para a elaboración de proxectos” impartirase os luns de 17h a 19h na aula magna e a materia “Estrutura e cambio social de Galicia” impartirase os xoves de 16:30h a 18:30h na aula obradoiro.
- 4.- Os másteres con matrícula de alumnos presencial inferior a 30 alumnos non estarán afectados por estas medidas e poderán desenvolver de forma presencial a súa actividade docente.
- 5.- Todo o alumnado que se atope en situación de illamento, estea enfermo ou en corentena asociada ao COVID-19, disporá de titorías específicas programadas de mutuo acordo cos/as docentes.
- 6.- O profesorado que, por razóns de vulnerabilidade acreditadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, non poida ou non deba realizar a súa actividade docente presencial, poderá virtualizar completamente o ensino. Os/as estudantes que acrediten mediante informe médico a súa situación de vulnerabilidade asociada á COVID-19 poderán solicitar dispensa de asistencia mediante unha instancia dirixida á Decana, séndolles de aplicación a normativa vixente e terá garantido o dereito de acceso aos materiais docentes e á avaliación.
- 7.- Todas as materias están preparadas para impartirse de maneira virtual no caso de que se produza un período de confinamento. O plan de continxencia de cada unha delas figura nas guías docentes, nelas recóllense as características deste proceso de aprendizaxe telemática.
- 8.- O alumnado que non dispoña de medios telemáticos para seguir a formación online deberá escribir un correo electrónico a [secretaria.decanato.socioloxia@udc.es](mailto:secretaria.decanato.socioloxia@udc.es) para que o Centro e a UDC poidan tomar as medidas necesarias que, na medida dos seus recursos humanos e económicos, garantan a súa continuidade académica.